



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARBALLO

Aprobación do regulamento do cemiterio municipal de Carballo

Ordenanza municipal reguladora do Regulamento do cemiterio municipal do Concello de Carballo.

Aprobación inicial.

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 29 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Regulamento do cemiterio municipal do Concello de Carballo, que se incorpora como anexo a este acordo.

Segundo.- Dar ao expediente a tramitación e a publicidade preceptiva, mediante a exposición deste acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e alegacións que estimen oportunas.

Terceiro.- En cumprimento do establecido no artigo 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, en relación coas obrigacións de publicidade activa da información de relevancia xurídica, publicarase o proxecto da ordenanza no Taboleiro de Anuncios Electrónico do concello de Carballo ou na web municipal.

Cuarto.- De non se presentaren alegacións durante este prazo, o texto da Ordenanza de Administración electrónica do concello de Carballo entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario e entrará en vigor unha vez publicado o anuncio de aprobación definitiva, xunto co texto íntegro da ordenanza, unha vez cumprido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Carballo, 03 de maio de 2024

O alcalde,

Evencio Ferrero Rodríguez